



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

CERTIFICADO ACORDO PLENARIO

Don Ricardo Garrido Caneda, secretario-interventor do Concello de Concello da Baña, agás erro ou omisión involuntaria, en relación ós acordos tomados no Pleno da Corporación en sesión ordinaria realizada o 14 de xaneiro de 2022,

CERTIFICO

1º.- Que se adoptou, entre outros, o acordo que deseguido transcribo:

"6.- Aprobación, se procede, do réxime retributivo da Alcaldía do Concello da Baña.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Asuntos do Pleno con data do 11 de xaneiro de 2022 que deseguido se transcribe:

"Asunto: APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2022/G010/000001 (Pleno).

Expte. TEDEC: 2022/G012/000001 (Com. Informativa).

Expte. TEDEC: 2022/G006/000006 (Proposta).

Visto que tras moción de censura aprobada en sesión plenaria extraordinaria celebrada o 14 de decembro de 2021 elixiuse como novo Alcalde a don Jose Andrés García Cardeso e quedou sen efectos o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria do Pleno desta Corporación de data 20 de novembro de 2021 referente ó réxime retributivo da Alcaldía debido ó suposto de feito derivado da relación do novo Alcalde coa Deputación da Coruña (persoal eventual).

Visto o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, no cal se dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Visto que no suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Visto que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

Visto que ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Visto que os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fora da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

Visto que este artigo admite compatibilizar, por excepción, a percepción destas coa de emprego público, sempre que tal dedicación desempeñese fose da súa xornada de traballo na Administración, e sen superar en ningún caso os límites que legais establecidos. Esta condición de persoal, resulta con todo incompatible cando se trata da propia corporación, de conformidade co citado artigo 179 Lei 5/1985, do réxime electoral xeral.

Visto que o límite fixado para prestar servizos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus concelleiros nos concellos de entre 3.001 e 10.000 habitantes é de tres (3). Non existe límite, no que ao número de concelleiros se refire, para prestar servizos en réxime de dedicación parcial.

Visto que a disposición adicional 26ª da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 sinala que de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985 e considerando o disposto no artigo 21 da referida Lei 22/2021, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por tódolos conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios ós que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, será, para os concellos de entre 1.000 e 5.000 habitantes, de 44.673,79€.

Visto que o custe económico anual da dedicación exclusiva e o seguinte (cómputo anual):

- *Posto: Alcaldía*
- *Réxime de dedicación: exclusiva*
- *Retribucións totais anuais: 32.900 €*
- *Partida: 913.110*

Visto que non se superan os límites establecidos na normativa de aplicación.

Visto que o acordo que se adopte terá que publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e fixarse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial ó tratarse dun acordo plenario referente a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Visto a regulación do réxime do dereito ás retribucións polo exercicio do cargo no ámbito local contida na Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, asinada en Estrasburgo, ratificada o 20 de xaneiro de 1988, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local e no Real



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo a cal se deduce a estreita vinculación existente, como pon de manifesto o artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local (apartados 1 e 2) entre a liberdade no exercicio do mandato, que vén esixida para todos os representantes locais, e a correspondente e axeitada compensación financeira polos gastos causados con motivo do exercicio do seu mandato, así como, de selo caso, a dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente.

Visto que da lexislación vixente se extrae a obriga de garantir o libre exercicio do mandato dos membros das Corporacións Locais, estando este ligado, ineludiblemente, á independencia na debida compensación financeira, que ha de ser axeitada aos gastos causados con motivo do seu exercicio e remuneratoria do traballo desempeñado. Deste xeito, a devandita compensación económica constitúese nunha salvagarda e garantía do dereito fundamental a participar nos asuntos públicos que corresponde a todo cidadán, recoñecido no art. 23 da Constitución española, pois que, doutra forma, estaríase a favorecer o exercicio dos cargos públicos só por persoas que, polo seu elevado status económico, non precisasen da remuneración dos servizos prestados no exercicio do cargo público.

Vistas as intervencións dos membros da Comisión de Asuntos do Pleno, as cales se recollen a continuación:

- O señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, expón a proposta.*
- O representante do grupo socialista, don Jose Antonio Pereira Gil, anuncia a reserva do seu voto ata a sesión plenaria.*

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina o seguinte, cos 3 votos a favor dos concelleiros do Partido Popular e Compromiso por Galicia e a abstención dos 2 concelleiros do Partido Socialista Obrero Español:

Primeiro: Determinar que o cargo de alcalde realice ás súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo. Establecer a favor do membro da Corporación que desenvolva o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan:

- Posto: Alcaldía*
- Réxime de dedicación: exclusiva*
- Retribucións totais anuais: 32.900 €*
- Partida: 913.110*

As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas; doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano; e dúas correspondentes ás pagas extras de xuño e decembro.

Procederase a darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social con efectos dende o día seguinte á data de cese como persoal eventual da Deputación da Coruña, correspondéndolle ao concello o pago das cotas empresariais que correspondan.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

Terceiro. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente."

Sometido o asunto a votación tras terse debatido polos grupos municipais acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 votos a favor (5 votos correspondentes ao grupo municipal do Partido Popular e 4 votos do Grupo Municipal de Compromiso por Galicia).

Abstencións: 4 votos correspondentes ao Grupo Municipal do Partido Socialista.

Votos en contra: 0

Co resultado da votación queda aprobado, por maioría:

1. Determinar que o cargo de alcalde realice ás súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.
2. Establecer a favor do membro da Corporación que desenvolva o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan:
 - Posto: Alcaldía
 - Réxime de dedicación: exclusiva
 - Retribucións totais anuais: 32.900 €
 - Partida: 913.110
3. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
4. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do señor alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

A Baña, á data da sinatura dixital.

O secretario-interventor, don Ricardo Garrido Caneda.

O alcalde, don José Andrés García Cardeso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

CERTIFICADO ACORDO PLENARIO

Don Ricardo Garrido Caneda, secretario-interventor do Concello de Concello da Baña, agás erro ou omisión involuntaria, en relación ós acordos tomados no Pleno da Corporación en sesión ordinaria realizada o 14 de xaneiro de 2022,

CERTIFICO

1º.- Que se adoptou, entre outros, o acordo que deseguido transcribo:

“ 7.- Aprobación, se procede, ro réxime retributivo da Concellaría delegada en materia de Cultura, Educación, Muller, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello da Baña.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Asuntos do Pleno con data do 11 de xaneiro de 2022 que deseguido se transcribe:

“Asunto: APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA CONCELLERÍA DELEGADA EN MATERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN, MULLER E IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2022/G010/000001 (Pleno).

Expte. TEDEC: 2022/G012/000001 (Com. Informativa).

Expte. TEDEC: 2022/G006/000007 (Proposta).

Visto que tras moción de censura aprobada en sesión plenaria extraordinaria celebrada o 14 de decembro de 2021 elixiuse como novo Alcalde a don Jose Andrés García Cardeso.

Visto que en data 7 de xaneiro de 2021, mediante Decreto de Alcaldía número 8/2022 aprobouse a delegación de competencias de Alcaldía en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística na concelleira Lorena Trillo López.

Visto que quedou sen efectos o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria do Pleno desta Corporación de data 20 de novembro de 2021 referente ó réxime retributivo da 2ª Tenencia de Alcaldía debido ós antecedentes expostos nos parágrafos anteriores.

Visto o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, no cal se dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Visto que no suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Visto que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

Visto que ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Visto que os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fora da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

Visto que este artigo admite compatibilizar, por excepción, a percepción destas coa de emprego público, sempre que tal dedicación desempeñese fose da súa xornada de traballo na Administración, e sen superar en ningún caso os límites que legais establecidos. Esta condición de persoal, resulta con todo incompatible cando se trata da propia corporación, de conformidade co citado artigo 179 Lei 5/1985, do réxime electoral xeral.

Visto que o límite fixado para prestar servizos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus concelleiros nos concellos de entre 3.001 e 10.000 habitantes é de tres (3). Non existe límite, no que ao número de concelleiros se refire, para prestar servizos en réxime de dedicación parcial.

Visto que a disposición adicional 26ª da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 sinala que de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985 e considerando o disposto no artigo 21 da referida Lei 22/2021, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por tódolos conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios ós que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, será, para os concellos de entre 1.000 e 5.000 habitantes, de 44.673,79€.

Visto que o custe económico anual da dedicación parcial e o seguinte (cómputo anual):

- *Posto: Concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística*
- *Réxime de dedicación: parcial (25 horas)*
- *Retribucións totais anuais: 16.000 €*
- *Partida: 913.110*

Visto que non se superan os límites establecidos na normativa de aplicación.

Visto que o acordo que se adopte terá que publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e fixarse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial ó tratarse dun acordo plenario referente a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Visto a regulación do réxime do dereito ás retribucións polo exercicio do cargo no ámbito local contida na Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, asinada en Estrasburgo, ratificada o



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

20 de xaneiro de 1988, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo a cal se deduce a estreita vinculación existente, como pon de manifesto o artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local (apartados 1 e 2) entre a liberdade no exercicio do mandato, que vén esixida para todos os representantes locais, e a correspondente e axeitada compensación financeira polos gastos causados con motivo do exercicio do seu mandato, así como, de selo caso, a dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente.

Visto que da lexislación vixente se extrae a obriga de garantir o libre exercicio do mandato dos membros das Corporacións Locais, estando este ligado, ineludiblemente, á independencia na debida compensación financeira, que ha de ser axeitada aos gastos causados con motivo do seu exercicio e remuneratoria do traballo desempeñado. Deste xeito, a devandita compensación económica constitúese nunha salvagarda e garantía do dereito fundamental a participar nos asuntos públicos que corresponde a todo cidadán, recoñecido no art. 23 da Constitución española, pois que, doutra forma, estaríase a favorecer o exercicio dos cargos públicos só por persoas que, polo seu elevado status económico, non precisasen da remuneración dos servizos prestados no exercicio do cargo público.

Vistas as intervencións dos membros da Comisión de Asuntos do Pleno, as cales se recollen a continuación:

- O señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, expón a proposta.
- O representante do grupo socialista, don Jose Antonio Pereira Gil, anuncia a reserva do seu voto ata a sesión plenaria.

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das

Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina o seguinte, cos 3 votos a favor dos concelleiros do Partido Popular e Compromiso por Galicia e a abstención dos 2 concelleiros do Partido Socialista Obrero Español:

Primeiro: Determinar que o cargo de concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística realice ás súas funcións en réxime de dedicación parcial.

Segundo: Establecer a favor do membro da Corporación que desenvolva o cargo de concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística en réxime de dedicación parcial as retribucións que a continuación se relacionan:

- Posto: Concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística
- Réxime de dedicación: parcial (25 horas)
- Retribucións totais anuais: 16.000 €
- Partida: 913.110

As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas; doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano; e dúas correspondentes ás pagas extras de xuño e decembro.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

Procederase a darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social con efectos dende o día seguinte á data da moción de censura, correspondéndolle ao concello o pago das cotas empresariais que correspondan.

Terceiro: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto: Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente."

Sometido o asunto a votación tras terse debatido polos grupos municipais acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 votos a favor (5 votos correspondentes ao grupo municipal do Partido Popular e 4 votos do Grupo Municipal de Compromiso por Galicia).

Abstencións: 4 votos correspondentes ao Grupo Municipal do Partido Socialista.

Votos en contra: 0

Co resultado da votación queda aprobado, por maioría:

1º. Determinar que o cargo de concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística realice ás súas funcións en réxime de dedicación parcial.

2º. Establecer a favor do membro da Corporación que desenvolva o cargo de concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística en réxime de dedicación parcial as retribucións que a continuación se relacionan:

- Posto: Concelleira delegada en materia de cultura, educación, muller e igualdade e normalización lingüística
- Réxime de dedicación: parcial (25 horas)
- Retribucións totais anuais: 16.000 €
- Partida: 913.110

As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas; doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano; e dúas correspondentes ás pagas extras de xuño e decembro.

Procederase a darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social con efectos dende o día seguinte á data da moción de censura, correspondéndolle ao concello o pago das cotas empresariais que correspondan.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*.

4º. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do señor alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

A Baña, á data da sinatura dixital.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

O secretario-interventor, don Ricardo Garrido Caneda.

O alcalde, don José Andrés García Cardeso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.